



# ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

3º TRIMESTRE. CURSO 2019/20

E.E.I. Fina Casalderrey

## INTRODUCCIÓN

Por mor da pandemia que estamos vivindo neste momento, provocada pola aparición do virus COVID 19, e en vistas de que o calendario escolar continúa vixente, vémonos na obriga de flexibilizar o currículo e as programacións didácticas correspondentes aos tres niveis de E.I. para o curso 2019/2020, relacionadas co terceiro trimestre.

Adaptaremos as actividades lectivas, así como os procedementos ás circunstancias, que non se estenderán máis alá das datas establecidas na *Orde 20 de xuño de 2019*, polo que se aproba o calendario escolar para o presente curso académico, así como a avaliación, traballando en todo momento de forma coordinada entre as titoras, mestres especialistas e Departamento de Orientación.

O principio fundamental para iniciar todo procedemento será: *“manter o vínculo co noso alumnado e as familias, prestando de xeito especial a atención ao coidado emocional”*.

Para esta modificación tivemos en conta tamén, as *instrucións do 27 de abril de 2020*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN/CURRÍCULO	ADAPTACIÓN ACTIVIDADES
<p>Despois de diversas reunións de coordinación do profesorado revisando a nosa programación, e tendo en conta as características da nosa etapa e sendo nós as mestras de infantil defensoras das metodoloxías activas, da aprendizaxe significativa, do valor das experiencias cotiás, da didáctica da proximidade, de partir dos intereses do alumnado etc., afirmamos que nesta situación excepcional o proceso de ensinanza-aprendizaxe, non existe como tal, polo tanto faise difícil adaptar programación e currículo a desenvolver no trimestre.</p> <p>Para nós o paradigma educacional para este momento é <i>“estamos con todos/as vós”</i>, e dicir, manter un contacto diaria coas familias e alumnado para evitar perder o vínculo escolar</p> <p>Tendo en consideración todo isto, á hora de adaptar a nosa programación para o 3º trimestre, o procedemento é apoiar ás familias en todo aquilo que precisen, así como, manter un vínculo co noso alumnado a diario para o seguimento e resolución de dúbidas que vaian xurdindo á hora de realizar as</p>	<p>A primeira acción que tivemos que levar a cabo fo poñernos en contacto coas familias que estaban desconectadas con nós.</p> <p>En segundo lugar identificar ao alumnado que carecía de medios de conexión dixital para poder solventar o problema, conseguindo portátiles (Consellería) e conexión a internet (Cruz Vermella) dando opción así a toda a comunidade educativa a participar nas nosas propostas.</p> <p>E en terceiro lugar explicar ás familias como iamos proceder neste trimestre.</p> <p>Como o xogo é un instrumento primordial de desenvolvemento nestas idades, as actividades propostas van ter un forte compoñente lúdico, e están enfocadas como unha actividade compartida entre o profesorado, alumnado e as familias, establecendo así un feedback, xa que debido a idade do noso alumnado temos que implicar ás familias.</p> <p>Procuramos, tendo en conta as distintas tipoloxías de familias, que sexan tarefas de fácil explicación por parte do</p>

## EEI Fina Casalderrey

tarefas que se lles propoñen, así como ofertar actividades variadas.

adulto, de fácil realización para o alumnado e con recursos e materiais comúns e habituais nos fogares.

A diario envíase unha actividade (ben da titora, ben de especialista, seguindo o horario semanal proposto), a través dunha aplicación informática. Solicítase, de xeito voluntario o envío dunha foto da actividade realizada.

O Departamento de orientación xunto coa especialista de A.L. tamén participan semanalmente na organización e proposta de recursos de apoio.

Así mesmo no blog do Centro e no de Orientación poden atopar unha ampla gama de recursos organizados por diferentes temáticas.

## TITORÍAS

Respecto as titorías, o profesorado mantén contacto coas familias sempre que o solicitan, tentando de resolverlles as dúbidas ou problemas que plantexan ou simplemente dando ánimo nestes momento complicados . Faise principalmente a través do correo electrónico creado para a ocasión para cada aula ou a través da aplicación Remind.

A Dirección do Centro tamén está en continua comunicación coa comunidades educativa en xeral, enviando notas informativas explicando a situación, alentando a que participen, valorando a súa participación, etc, e de forma particular a aqueles que o solicitan a través do teléfono do Centro.

O Departamento de Orientación pola súa banda, en coordinación coas titoras, para atender aos nenos con NEAE, enviaron a estas familias pautas e recomendacións para que procuraran establecer unhas rutinas cos seus fillos/as, así como ofrecen apoio e asesoramento a todos aqueles que o soliciten.

## AVALIACIÓN

**Decreto 330/2009** “na etapa de Educación Infantil a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación”.

“A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno e cada nena.”

### **Orde de avaliación 25/06/2009**

“A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais, constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación”

Seguindo esta normativa, e ante a imposibilidade de empregar a ferramenta principal como é a observación directa do alumnado, faise imposible facer unha avaliación do trimestre nesta etapa educativa, polo que consideraremos como avaliación final o conxunto das avaliacións do curso, sen esquecermos nunca de reflectir no informe individual valorativo a situación excepcional pola que pasou este curso escolar para deste xeito, poder planificar as medidas necesarias e programar o vindeiro curso.

Respecto ao alumnado que finaliza ciclo ademais do informe individual valorativo tentaremos, si as circunstancias no lo permiten, establecer reunións de coordinación do profesorado do 6º nivel xunto co profesorado de 1º de primaria do Centro adscrito, xunto coas orientadoras e directoras de ambos centros, como temos por costume, para planificar as medidas necesarias para comezar o vindeiro curso e poidan programar en base a elo.

## EEI Fina Casalderrey

O claustro de profesorado seguímonos reunindo semanalmente para correxir adaptacións, suxerir novas propostas, tomar acordos, valorar a participación das familias, organizar tarefas, novos retos, comunicación co alumnado, preocupacións que plantexan as familias, ou calquer outro tema que teñamos que resolver/planificar/propoñer, así como de informar de novas instrucción e medidas si é o caso.

### LIÑAS XERAIS DE CARA O VINDEIRO CURSO 2020/21

En liñas xerais non poderemos adaptar absolutamente nada do currículo sen unha exhaustiva avaliación inicial do noso alumnado, valorando os “atrasos que se teñan podido producir” e planificando as medidas necesarias para subsanalos.

O único que deberemos, como dicía anteriormente, é ampliar a nosa coordinación co Centro adscrito referente ao alumnado que finaliza o ciclo de Educación Infantil e promociona á Educación Primaria no vindeiro curso académico.